

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA TELEMÁTICA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E CINCO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E UN

A través da plataforma Councilbox, sendo as trece horas e trinta e nove minutos do día vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e un, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese por medios telemáticos o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VEREA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA (que se incorpora á sesión no momento que se expresa na presente acta)

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asiste á sesión a señora concelleira do grupo político PSdeG-PSOE, D^a Susana Amor Fernández.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS EN DATAS 29.12.2020, 18.01.2021, 04.02.2021 e 01.03.2021

O Sr. Alcalde-presidente fai uso da palabra e di que hai unha modificación e lle solicita aclaración á señora Secretaria municipal.

A Sra. secretaria municipal, a solicitude do Sr. Alcalde-presidente, di que dúas das actas que se someten a aprobación, as de datas 29.12.2020 e 18.01.2021, xa foron aprobadas nunha sesión anterior e que as que se someten a aprobación son as de datas 04.02.2021 e 01.03.2021.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións extraordinarias celebradas en datas catro de febreiro e un de marzo de dous mil vinte e un, das que se remitiu copia coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións extraordinarias de datas catro de febreiro e un de marzo de dous mil vinte e un, sendo aprobadas por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións extraordinarias de datas catro de febreiro e un de marzo de dous mil vinte e un.

2.- PROPOSTA SOBRE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO 2021.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica de data once de marzo de dous mil vinte e un, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural na sesión ordinaria de data dezaoito de marzo de dous mil vinte e un, que transcrita di:

“PROPOSTA

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 04 de febreiro de 2021, aprobou inicialmente o Orzamento da Entidade para o exercicio de 2021.

No Boletín Oficial da Provincia de A Coruña de 9 de febreiro de 2021 publicouse o anuncio da devandita aprobación inicial do orzamento e da apertura dun prazo de quince días hábiles durante o que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Durante o devandito prazo presentáronse diversas reclamacións:

- O 01 de marzo de 2021 (número de rexistro de entrada no Concello 2021/2225) reclamación presentada por don Xabier Fernández Villarrenaga Vázquez.
- O 02 de marzo (número de rexistro de entrada no Concello 2021/2245) reclamación presentada por dona Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da Federación de empregados públicos da Unión Sindical Obrera.
- O 02 de marzo (número de rexistro de entrada no Concello 2021/2267) reclamación presentada por dona María Aránzazu García Larrú.
- O 02 de marzo (número de rexistro de entrada no Concello 2021/2280) reclamación presentada por don Fernando Teijeiro Bogo.

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

- O 03 de marzo (número de rexistro de entrada no Concello 2021/2324) reclamación presentada por dona Alba Pérez Barros.

Vistos o informe UEH15I002N emitido polo xefe de servizo de economía e facenda e o informe UIT15I007Z emitido pola interventora xeral que constan no expediente, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Rexeitar a totalidade das alegacións presentadas xa que a elaboración e aprobación do Orzamento axustouse aos trámites establecidos na Lei das Facendas Locais, non omite o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo nen os ingresos manifestan insuficiencia con relación aos gastos presupostados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto.

Segundo.- Aprobar definitivamente o orzamento para o exercicio 2021."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración electrónica, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que, como ben saben todos, na sesión plenaria de data 4 de febreiro de 2021 aprobouse inicialmente o orzamento e que durante o periodo de exposición pública presentáronse cinco reclamacións contra dito acordo de aprobación inicial; di que con base nos informes técnicos existentes as referidas alegacións non poden ser admitidas porque non entran en ningún dos tres motivos previstos no artigo 170.2 da Lei de facendas locais porque a elaboración e aprobación do orzamento axustouse aos trámites establecidos na dita Lei, non se omite o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo nin os ingresos son manifestamente insuficientes con relación aos gastos presupostados nin estes en relación ás necesidades previstas; que polo exposto, o equipo de goberno propón rexeitar as alegacións presentadas e aprobar definitivamente o orzamento para o exercicio 2021.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que como ben vén de dicir a Sra. concelleira, este punto da orde do día é para resolver as alegacións presentadas polos veciños e veciñas de Culleredo despois da exposición pública do orzamento e di que houbo alegacións de varios colectivos e que o seu grupo quere felicitar a todos aqueles que exerceron o seu dereito a demostrar a súa disconformidade co orzamento municipal por non recoller partidas que dean satisfacción ás súas necesidades pois entenden que esta é a forma de transmitirle ao goberno municipal unha vez máis pois está sendo recorrente, que esta situación, estes orzamentos, que reiteradamente presenta o Concello de Culleredo, non resolven os seus problemas; di que o primeiro que hai que lembrar é o que di a acta do orzamento participativo onde non houbo consenso e onde houbo discrepancias importantes sobre o procedemento, un procedemento no que o Sr. Alcalde chegou cun papeliño a última hora, representando dito papeliño toda a documentación e todo o tempo que se deu aos membros do Consello para poder discutir sobre as propostas veciñais que se deberían tramitar por ese medio; que quizais, se no Consello de Participación Cidadá se lle dera a oportunidade á veciñanza de participar e de demostrar as súas carencias e tamén para colaborar na elaboración das prioridades, non habería todas as alegacións que o que supoñen é un control a posteriori a non a priori como lle están solicitando; di que as alegacións hai que comentalas brevemente porque non é unha cuestión só de número senón tamén de calidade; que respecto do orzamento que se presenta, a señora interventora, no seu informe, di que non se detallaban suficientemente as partidas no anexo de investimentos e a nota informativa de Secretaría que anunciaba tamén varias cuestións relativas a persoal, a que se supera novamente o límite máximo establecido na lexislación polo que se informa que se infrinxe o establecido na lei no relativo a consignacións efectuadas nos créditos destinados a Persoal que din que os complementos de destino e específicos do Persoal sen que conste unha valoración obxectiva do posto de traballo reitérase a Secretaría en que en anteriores ocasións xa advertiu que ese apartado infrinxe a legalidade; que dito informe di tamén que se incumpre a normativa xeral sobre materia retributiva e reitérase en que existe unha

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

rectificación de oficio impulsada por un particular de 2019 para corrixir a convocatoria e bases do procedemento selectivo e bases para unhas prazas de promoción interna porque se destinaban o 100% a promoción interna e di que hai que impulsar ese procedemento de revisión de oficio; que empeza polo informe da señora Secretaria porque unhas das cousas que se ve é unha alegación dun sindicato que máis ou menos insiste nas mesmas cuestións de persoal e di que é necesario cubrir definitivamente as prazas que se atopan vacantes no cadro de persoal, funcionarizar as prazas que están ocupadas por persoal laboral e pasalo a prazas desempeñadas por funcionarios de carreira, etc.; que veñen cuestións que todo o mundo se decata das insuficiencias e incorreccións e ilegalidades nas que incorre o orzamento.

Que respecto das alegacións veciñais, que cada día son máis e que non é unha cuestión soamente de cantidade senón tamén de calidade porque están a reclamar cuestións básicas, pois non reclaman xardíns con tulipáns nin cousas similares, di o seguinte:

- A Asociación de Veciños de Orro di que na parroquia de Orro reclámanse cuestións básicas e que non se reclaman xardíns con tulipáns nin cuestións similares senón que hai ausencias significativas do servizo de saneamento, que a aldea sofre perdas de presión no subministro de auga potable que supoñen a perda total do servizo nas zonas altas da aldea, o que quere dicir que en pleno 2021 hai zonas que quedan sen auga e o equipo de goberno non considera isto unha prioridade e non o consigna no presuposto de forma inequívoca; que non aparece en ningún sitio a reforma integral do centro de Orro que foi aprobada nos orzamentos participativos e aprobado no Consello Xeral de Participación Cidadá no 2019, preguntándose para que serven entón as cousas que foron a exercicios anteriores pois se quedan sen executar o lóxico sería incorporalas nos orzamentos seguintes; que quere recordar tamén a recuperación do camiño de Orro a Ledoño que foi unha cuestión que o BNG trouxo xa dúas veces ao pleno e que se aprobou, aprobándose a apertura do expediente de inicio de recuperación dese camiño, no 2018 e no 2019 e a día de hoxe o equipo de goberno non soubo dicir que número tiña ese expediente porque non o abriron, sendo ese o caso que se fai das resolucións plenarias; que non se inclúen partidas aprobadas para a recuperación dese camiño; que todas estas alegacións foron presentadas para o orzamento do 2020 e non fixeron nin caso a pesar dos reiterados anuncios na prensa de diversas actuacións en Orro e procede coa lectura de varios anuncios en prensa en relación coa parroquia de Orro e llo recordan porque están fartos de escoitar promesas que non se cumpren.

- Os veciños de Boedo falan de cuestións que tampouco son florituras pois son cuestións básicas como o saneamento, o asfaltado da pista a Pedro Loán, punto de luz no cruce a Pedro Loán, actuacións de oficio respecto de franxas de seguridade forestal; respecto disto di que xa viu o informe que di que non é competencia municipal pero si é competencia municipal reclamar que se faga e os veciños, vendo que pasa un ano e outro ano, e que non parece que haxa un impulso desa esixencia á xente que ten as propiedades das franxas de seguridade forestal preto dos núcleos de vivendas, buscan por onde solicitalo e buscan que o concello o faga de oficio ou o faga como queira; que solicitan tamén a construción dun vial que conecte Orro e Boedo do que din é unha promesa electoral de hai máis de trinta anos.

- En Fonte da Balsa, onde o equipo de goberno, en período electoral, colocou alí unhas vallas, uns palés de baldosas e unha caseta de obra e o retirou xusto despois das eleccións, unha burla da que os veciños están fartos e por iso volven presentar alegacións; que falan tamén de melloras nos accesos aos núcleos, unha competencia municipal polo que non entenden que o equipo de goberno diga que non hai trasfondo nas reclamacións veciñais pois si que o hai e piden tamén medidas de seguridade e suxeición dos taludes colindantes, pois xa houbo alí algún amago de disgusto e pide que nunca teñan que recordar isto porque do que se trata é de dar seguridade no acceso ás vivendas; que solicitan tamén a cobertura da polideportiva, a restauración de mesas e bancos na urbanización e no paseo e colocación de novos bancos e papeleiras porque aquilo non está conforme a un ruego do século XXI, citando tamén a reparación do muíño de Rego de Trabe á altura de Fonte da Balsa; que a día de hoxe xa se sabe, e enlazarao despois coas alegacións feitas pola compañeira do BNG, respecto á situación dese muíño porque aparentemente o muíño non é unha propiedade municipal e sobre o que o propietario denunciou unha obra dun

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

paseo que se fixo alí por medio dunha braña que deixou ao muíño nunha dársena e que afectou a esta propiedade e que condenou ao Concello a pagarlle 60.000 euros dos cales 25.000 eran por danos morais; que considera que o equipo de goberno debería dicirlle á xente que pasa con ese muíño e se teñen pensado facerse coa súa propiedade como paso previo a poñelo a disposición do patrimonio municipal e polo tanto da veciñanza e que deberían tamén contarlle á xente por que no seu momento se investiron cartos na rehabilitación dese muíño se non era propiedade municipal.

- Por parte da responsable do BNG presentáronse tamén alegacións que recordan ata tres condenas ao Concello de Culleredo polo que vén de comentar no parágrafo anterior respecto do muíño de Fonte da Balsa, por un contencioso-administrativo a resultas dunhas parcelas que se adquiriron para o colexio Vila de Rutis no que se condena por unha e dá precedente para que recurran os demais e recorda que foi aquel contencioso-administrativo que non se recurriu a tempo porque se presentou o recurso un día fora de prazo o que un día tamén se debería explicar, sendo a terceira cuestión a da praza de Galicia, pois o equipo de goberno anuncia tamén que van facer unha remodelación desa praza cando o que alí hai que facer é a reparación derivada da condena que por sentenza xudicial obriga ao Concello por algo que os veciños levaban xa dez ou quince anos reclamando porque esa obra foi aceptada dunha forma que non se debería ter aceptado; que si hai unha partida pero que se trata dunha partida incompleta, detallándose os apartados desa sentenza que haberá que cumprir e pola que haberá que pagar 125.000 euros de reparacións, 48.000 euros de levantamento de cubrición e 197.000 polas obras de execución que inclúen o 23% de IVA, saltándose o equipo de goberno unha partida sen que se saiba por que e faltando todavía os xuros que aínda non se sabe a onde chegarán cando como se complete co proxecto; que esas obras ían peritadas na reclamación xudicial; que por todo isto o seu grupo pensa que debe rexeitar a proposta que se presenta de non aceptar as alegacións e aprobar definitivamente o orzamento porque pensan que os veciños teñen razón cando reclaman o que se debe facer é refacer o orzamento, incluír partidas detalladas do que se está pedindo e dar lugar a un orzamento que recolla todo o que se pide.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo quere tamén comentar as alegacións presentadas polos veciños e veciñas aos orzamentos e que son rexeitadas polo equipo de goberno.

Di a Sra. García Gorostizu que, respecto das alegacións presentadas polo presidente da Asociación de Orro en representación dos veciños desa parroquia, quere manifestar que o seu grupo está totalmente de acordo coas demandas que se presentan pois é vergonzoso que en pleno século XXI haxa nas parroquias do rural de Culleredo veciños aos que non lles chega o abastecemento nin o saneamento e que o presuposto non recolla partida ningunha para esas cuestións, o que di moi pouco do equipo de goberno e do seu compromiso co rural; que non é só en Orro onde se detectan estes problemas porque en Sueiro, en Sésamo, en Ledoño ou en Boedo hai veciños que se queixan tamén polo mesmo e o concello non fai nada para solucionalo; que o presidente da dita asociación reclama tamén investimentos aprobados para a súa parroquia en anos anteriores e que están sen executar, preguntando que pasa con todos eses investimentos e se se van facer ou non e cando, interesándose en concreto por cuestións como se se vai reformar e cando o centro social de Orro, ou polo camiño de Orro a Ledoño, sobre o que se aprobou unha moción antes da actual lexislatura e sobre o que agora din que non aparece nos orzamentos porque non se coñece aínda o custo do proxecto, preguntando para que serve no Concello de Culleredo aprobar mocións e cando pensan executalas; que lle vén á cabeza outra moción presentada polo grupo político popular solicitando unhas becas comedor, aprobada por unanimidade en outubro do 2019 e que aínda non se convocaron ou outra moción tamén sobre becas escolares que a petición do Sr. alcalde deixouse sobre a mesma porque se dixo que o equipo de goberno presentaría no mes seguinte unhas máis ambiciosas que todavía non se viron.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e pregunta tamén se na zona de Fonte da Balsa non se van levar a cabo ningunha das actuacións solicitadas polos veciños, e engade que a pesar de tanta promesa electoral non hai investimento ningún para dita zona e que xa se están acostumando a publicidades enganosas que nunca chegan,

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

sendo o máis afectado por isto, despois dos veciños, o propio alcalde que o que consegue é perder a pouca credibilidade que lle queda.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que outra das alegacións presentadas está relacionada coa RPT, sobre a que tanto a secretaria como a interventora, os sindicatos, o grupo político popular e ata o alcalde, que o recoñeceu no pleno e finalmente tamén na prensa, indican que necesita unha modificación en profundidade, que se necesita máis persoal en moitos servizos pois queda de manifesto que a dotación que hai é insuficiente para un adecuado desenvolvemento dos servizos básicos, solicitando que se convoquen dunha vez os procesos selectivos das prazas vacantes e que se convoquen ben porque xa se viu que as ofertas de emprego público do 2019 e 2020 contan con informes desfavorables de intervención, da secretaria accidental e da secretaria xeral, o que deixa ver que neste punto o Concello ten un problema grave; que fai unhas semanas tamén o xefe de servizo de urbanismo e arquitecto municipal deixou ese servizo polo que pregunta se o equipo de goberno ten planificado cando se van a cubrir ditas prazas e con que procedemento.

Remata a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que no momento da aprobación inicial do orzamento xa expuxeron os motivos polos que non podían apoiar o documento presentado e agora, vista a proposta que se debate neste punto, na que se propón o rexeitamento das alegacións presentadas pola veciñanza, xa anuncia que ao seu grupo lle resulta imposible apoiar estes orzamentos.

A continuación solicita o uso da palabra a Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que neste momento o trámite no que se está é no de rexeitar as alegacións ao orzamento pois a aprobación inicial foi xa o 4 de febreiro e agora é o momento de resolver sobre as alegacións que se presentaron e que parece que o Sr. Chouciño Garrido non quere resolver sobre isto senón que pretende darlle unha volta enteira ao orzamento, non sendo este o momento no que hai que discutir as partidas do presuposto; que como xa dixo as causas para alegar aos orzamentos están taxadas pola Lei e as alegacións que se presentaron non se fundamentaron en ningún dos motivos legalmente establecidos para que se poidan entablar alegacións contra o orzamento, ben por tratarse de obrigas esixibles, ben por ser asumibles cos créditos que xa figuran consignados, parecéndolle increíble que fagan referencia a informes que se fixeron no momento da aprobación do orzamento, repetindo unha vez máis que todos os informes son favorables e que agora estase no momento de resolver sobre as alegacións que se presentaron e a iso se remite e non a outros informes que agora pretendan facer ver; que ela supoñía que o grupo político popular votaría a favor da proposta que se presenta neste punto e que votarían en contra das alegacións porque nun pleno anterior a este dixo que nunca votarían en contra dun punto que fora ditaminado favorablemente e que contara con todos os informes favorables como é este caso.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a Sra. Iglesias Becerra comentou que non entende por que o BNG fai referencia ás veces a informes que viñeron á aprobación inicial e aclara que fan esta referencia porque hai un sindicato que está facendo alegacións respecto a cuestións de persoal que curiosamente coinciden en moitos aspectos co que a secretaria municipal e a interventora informaron nos seus informes e ese é o motivo de que el os volvera a ler, para dicir que ese sindicato ten razón; que respecto ás cuestións taxadas di que xa se sabe que as obrigas e as competencias municipais tamén están relacionadas na lei e fala de accesos, de saneamento, subministro de auga potable, etc, cuestións básicas que son competencia municipal e que é o que esixen os veciños, e o equipo de goberno prefire obviar esas cuestións e aprobar outras como cando no pleno aprobouse unha solicitude para o POS de facer un parque de tirolinas e de macrotirolinas e macrobogáns na Corveira, que os veciños rexeitan, no que se quería investir medio millón de euros e que xa está aprobado; que ese medio millón de euros resolvería moitas das cuestións que están a reclamar os veciños e por iso é normal que a veciñanza estableza cales son as prioridades porque ademais os avala a Lei que indica cales son as competencias municipais; que ademais das obrigas legais están as outras obrigas, que son os compromisos electorais, compromisos que anuncian en prensa continuamente conxugando en futuro imperfecto "Culleredo ampliara...., Culleredo asfaltar...., Culleredo fai...." e son estas cuestións que os veciños agora reclaman porque é cando teñen ocasión de presentar por escrito e dicir que este

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

orçamento non cumpre as propias promesas do goberno municipal e algunhas que xa hai máis de trinta anos que se citan nas alegacións e por todo isto o seu grupo non vai estar a favor de rexeitar as alegacións senón que solicita que se estimen; que xa sabe que non están no punto de aprobación inicial pero si no punto de aceptar as alegacións e o seu grupo está a favor de que se revisen dunha en unha e se doten partidas diferenciadas para darlles cobertura, xa obviando o tema de que o equipo de goberno anunciou a bombo e platillo que subían do 15 ao 25 por cento o orzamento participativo e o que fan é unha trampa no procedemento do Consello de participación dicindo que o orzamento de investimento ía ser de dous millóns e pico de euros cando sube de tres millóns, polo que a veciñanza (*neste momento desconéctase da sesión o Sr. Iglesias Gómez*), con toda lexitimidade, reclama agora que escoiten e cumpran co que o propio goberno municipal anunciou.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo non pode rechazar as alegacións presentadas polos veciños porque algunhas delas coinciden con peticións feitas desde o seu grupo municipal polo que van defender o que os veciños piden, non entendendo que o equipo de goberno as rechace cando algunhas delas foron xa no programa electoral do grupo socialista; que non van apoiar a proposta que se presenta porque consideran que hai moitos puntos nos que non se cumpre co que eles entenden que debería ser un presuposto municipal adecuado.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que considera que este punto da orde do día está suficientemente debatido e que esta é a aprobación definitiva e que a resolución das alegacións está contemplada na Lei e non é o equipo de goberno o que decide se se aceptan ou non pois son as propias habilitadas nacionais que moitas veces se nomean nas intervencións, as que fan o informe e se elas viran que as alegacións cumpran a forma establecida habería que modificar o orzamento porque poderíase incorrer nunha falta que ocasionara a anulación do orzamento; que respecto das alegacións, di que lle gustou moito a frase do Sr. Chouciño Garrido cando dixo que son de calidade e non de cantidade porque de 35.000 persoas que viven no Concello de Culleredo só hai 5 alegacións o que é moi significativo de que hai aínda persoas que, despois da crise que se viviu durante o pasado ano no cal non se puideron facer moitas das iniciativas que se ían levar a cabo, apostan por dar unha marxe de confianza nunha situación complicada; que considera que o presuposto non foi ben lido (*neste momento conéctase á sesión o Sr. Iglesias Gómez*) porque moitas das solicitudes que aparecen nas alegacións xa figuran no propio presuposto dunha forma ou doutra; que en Orro non hai problemas de presión de auga e se os hai, son momentos puntuais: que todos os veciños de Orro teñen auga potable; que vén de licitarse o arranxo da estrada que une Orro coa Garrocha e aí van obras de saneamento incluídas por un importe de 140.000 euros porque era necesario acometer esa obra en Orro; que dentro do orzamento cre recordar que vai unha partida de 95.000 euros dos que 38.000 van destinados a paliar os problemas de 6 domicilios do núcleo central de Orro, perfectamente identificados; que algunhas das obras non van no orzamento que se presenta neste ano, como ben se dixo nalgunhas das intervencións, porque xa foron aprobadas outros anos e agora van como remanentes e unha vez aprobado este presuposto, desde o departamento de Economía e Facenda e Intervención sacaranse á luz para poder acometer esas obras cos cartos reservados doutros exercicios e que son para facer moitas das obras mencionadas.

Remata a súa intervención o Sr. alcalde e di que a pesar dos duros tempos nos que se está a vivir, que fan que moitas veces se teñan que atender outras prioridades, as obras comprometidas vanse realizar e agradece contar co apoio maioritario da cidadanía.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica de data 11 de marzo de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, Méndez Sánchez, López Díaz, Liñares Gestal e Seijas González.

Votos en contra: nove (9), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 11 de marzo de 2021, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3.- DACIÓN DE CONTA INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 15/02/2021 (código de documento UIT15I0034)
- Informe de data 15/02/2021 (código de documento UIT15I0035)
- Informe de data 15/02/2021 (código de documento UIT15I0036)
- Informe de data 15/02/2021 (código de documento UIT15I0037)
- Informe de data 15/02/2021 (código de documento UIT15I0030)
- Informe de data 05/02/2021 (código de documento UIT15I0020)
- Informe de data 15/02/2021 (código de documento UIT15I0031)
- Informe de data 05/02/2021 (código de documento UIT15I001Z)
- Informe de data 15/02/2021 (código de documento UIT15I002Z)
- Informe de data 11/02/2021 (código de documento UIT15I002V)
- Informe de data 05/02/2021 (código de documento UIT15I001Y)
- Informe de data 05/02/2021 (código de documento UIT15I0024)
- Informe de data 15/02/2021 (código de documento UIT15I003A)
- Informe de data 19/06/2020 (código de documento UIT14I00CQ)
- Informe de data 17/12/2020 (código de documento UIT14I00X3)
- Informe de data 26/08/2020 (código de documento UIT14I00FO)
- Informe de data 24/02/2021 (código de documento UIT15I0057)
- Informe de data 24/02/2021 (código de documento UIT14I0058)
- Informe de data 01/03/2021 (código de documento UIT15I005V)
- Informe de data 01/03/2021 (código de documento UIT15I005M)
- Informe de data 01/03/2021 (código de documento UIT15I005L)
- Informe de data 01/03/2021 (código de documento UIT15I005N)
- Informe de data 01/03/2021 (código de documento UIT15I005W)
- Informe de data 01/03/2021 (código de documento UIT15I005Y)
- Informe de data 01/03/2021 (código de documento UIT15I005U)
- Informe de data 01/03/2021 (código de documento UIT15I005T)

C.I.F. P-1503100-H

- Informe de data 01/03/2021 (código de documento UIT15I005P)
- Informe de data 01/03/2021 (código de documento UIT15I005R)
- Informe de data 05/03/2021 (código de documento UPE15I0061)

4.- DACIÓN DE CONTA DE INCORPORACIÓNS AO REXISTRO MUNICIPAL DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DE 2020.

Por resolución da alcaldía de data 18 de marzo de 2021 ordenouse a incorporación ao Rexistro Municipal de Subvencións das concedidas no período comprendido entre o 1 de outubro de 2020 e o 31 de decembro de 2020 e que son as seguintes:

C.I.F. P-1503100-H

Partida	Órgano	Núm. resolución concesión	Data resolución concesión	Nome/Razón social	Finalidade	Importe
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1271	02/10/2020	AR,L	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES MARZO A XULLO 2020	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1272	02/10/2020	ST,A	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES ABRIL A XULLO 2020	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1273	02/10/2020	BJ,P	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES XANEIRO A MAIO 2020	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1274	02/10/2020	MS,CJ	AXUDA ECONOMICA MESES MARZO A XULLO 2020	1.075,00 €
RC2202000 08515	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1275	02/10/2020	BI,FR	PAGO RECIBOS GAS DO 13/12/19 A 10/02/20, DO 14/04/20 AO 09/06/20 E DO 10/06/20 AO 12/08/20, PAGO RECIBO AUGA 2º TRIM/2020 E PAGO RECIBOS ELECTRICIDADE XULLO E OUTUBRO DE 2020	351,47 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1276	02/10/2020	GS,J	AXUDA ECONOMICA PAGO HIPOTECA XANEIRO A XUÑO 2020	817,18 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1288	05/10/2020	LL,RA	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES MARZO E ABRIL E MAIO 2020	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1289	05/10/2020	LF,JA	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES MAIO A OUTUBRO 2020	900,00 €

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

C.I.F. P-1503100-H

Partida	Órgano	Núm. resolución concesión	Data resolución concesión	Nome/Razón social	Finalidade	Importe
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1290	05/10/2020	C,CM	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES ABRIL E MAIO E PARTE DE XUÑO	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1292	05/10/2020	CV,JM	AXUDA ECONOMICA PAGO HIPOTECA MESES XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO 2014 E PAGO RECIBO AUGA 4º TRIM. 2019 E 1º TRIM. 2020	1.060,95 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1300	07/10/2020	MC,C	AXUDA ECONOMICA PAGO FIANZA E PRIMEIRO MES DE ALUGUER	796,70 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1333	09/10/2020	BR,A	AXUDA ECONOMICA PAGO FIANZA E ALUGUER	1.075,00 €
RC2202000 08148	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1334	09/10/2020	DL,AM	PAGO RECIBO AUGA 4º TRIM. 2019	60,22 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1335	09/10/2020	EB,SP	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER XULLO, AGOSTO E PARTE DE SETEMBRO	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1336	09/10/2020	CA,AF	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES MAIO, XUÑO E PARTE DE XULLO DE 2020	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1337	09/10/2020	NS	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES XULLO, AGOSTO E PARTE DE SETEMBRO DE 2020	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1338	09/10/2020	AC,C	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER XUÑO A AGOSTO E PARTE DE SETEMBRO DE 2020	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1339	09/10/2020	RR,IJ	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER FEBREIRO A MAIO E PARTE DE XUÑO	1.075,00 €

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

C.I.F. P-1503100-H

Partida	Órgano	Núm. resolución concesión	Data resolución concesión	Nome/Razón social	Finalidade	Importe
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1341	09/10/2020	SJ,G	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER ANO 2020	1.075,68 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1342	09/10/2020	PH,JA	AXUDA ECONÓMICA PAGO ALUGUER MESES ABRIL, MAIO E PARTE DE XUÑO	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1344	09/10/2020	BB,C	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES MAIO, XUÑO E PARTE DE XULLO	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1346	09/10/2020	SG,HA	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES ABRIL A XULLO E AGOSTO	1.075,00 €
RC2202000 05923	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1351	16/10/2020	F,LM	PAGO RECIBO ALUGUER MES ABRIL 2020	350,00 €
RC2202000 08913	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1352	16/10/2020	CV,T	PAGO RECIBO AUGA 1º E 2º TRIMESTRE 2020, RECIBO ELECTRICIDADE DO 9 DE XUÑO AO 11 DE AGOSTO DE 2020 E RECIBO GAS DO 13 DE AGOSTO 2020	373,73 €
RC2202000 05778	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1353	16/10/2020	RG,CE	PAGO RECIBO ALUGUER MESES DE XUÑO, XULLO E PARTE DE AGOSTO 2020	575,00 €
RC2202000 07279	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1355	16/10/2020	B,A	PAGO RECIBO ALUGUER MESES AGOSTO, SETEMBRO E PARTE DE OUTUBRO 2020	325,00 €
RC2202000 08733	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1356	16/10/2020	RA,MO	PAGO RECIBO ALUGUER MES DE MAIO A AGOSTO E PARTE DE SETEMBRO 2020	969,12 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1357	16/10/2020	MB,DFT	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES MAIO, XUÑO E XULLO 2020	1.075,00 €

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

C.I.F. P-1503100-H

Partida	Órgano	Núm. resolución concesión	Data resolución concesión	Nome/Razón social	Finalidade	Importe
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1504	05/11/2020	CM,MJJ	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES MAIO, XUÑO E XULLO DE 2020	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1505	05/11/2020	LL,PM	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES XUÑO, XULLO E AGOSTO DE 2020	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1506	05/11/2020	SS,S	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES DE ABRIL A AGOSTO 2020, PAGO RECIBO ELECTRICIDADE DO 12/03/2020 AO 12/05/2020 E PAGO RECIBOS AUGA 1º E 2º TRIM. 2020	1.075,68 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1509	05/11/2020	CL,C	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES XUÑO, AGOSTO, SETEMBRO E OUTUBRO DE 2020	1.075,00 €
123.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1510	05/11/2020	VC,A	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES ABRIL A AGOSTO 2020 E PARTE DE SETEMBRO	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1511	05/11/2020	CS,E	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES XULLO A SETEMBRO E PARTE OUTUBRO 2020	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1513	05/11/2020	GS,J	AXUDA ECONOMICA PAGO HIPOTECA MESES XANEIRO, FEBREIRO E MARZO 2020, RECIBO ABRIL, MAIO, XUÑO, XULLO E AGOSTO.	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1514	05/11/2020	MO,MI	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES XULLO, AGOSTO E PARTE DE SETEMBRO 2020	1.075,00 €

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

C.I.F. P-1503100-H

Partida	Órgano	Núm. resolución concesión	Data resolución concesión	Nome/Razón social	Finalidade	Importe
RC2202000 01345	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1515	05/11/2020	R,BB	PAGO RECIBO GAS DO 13 ABRIL AO 9 DE XUÑO 2020	127,56 €
RC2202000 05728	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1517	05/11/2020	VV,EM	PAGO RECIBO ELECTRICIDADE MES SETEMBRO 2020	82,44 €
RC2202000 06094	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1518	05/11/2020	CQ,MA	PAGO RECIBO ELECTRICIDADE MESES XULLO, AGOSTO E SETEMBRO 2020	144,42 €
RC2202000 07254	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1542	10/11/2020	AP,M	PAGO RECIBO ELECTRICIDADE MESES XULLO, AGOSTO E SETEMBRO, PAGO RECIBO GAS MES XULLO E RECIBO AUGA 2º TRIM E 3º TRIM. 2020	232,29 €
RC2202000 02784	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1543	10/11/2020	GM,J	PAGO RECIBO GAS MESES AGOSTO E SETEMBRO 2020	40,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1544	10/11/2020	DB,DA	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES AGOSTO, SETEMBRO E OUTUBRO 2020 E PARTE DO GASTO INICIAL QUE LLE CORRESPONDERIA SEGUNDO A SUA DECLARACION	1.075,00 €
2.314.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1545	10/11/2020	IC,CB	AXUDA ECONOMICA PAGO HIPOTECA MESES XANEIRO A NOVEMBRO 2020	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1567	11/11/2020	PG,MA	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES MAIO, XUÑO E PARTE XULLO 2020	1.075,00 €
23.182.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1568	11/11/2020	DSG,LO	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES MARZO, ABRIL E PARTE DE MAIO	1.075,00 €

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

C.I.F. P-1503100-H

Partida	Órgano	Núm. resolución concesión	Data resolución concesión	Nome/Razón social	Finalidade	Importe
RC2202000 08922	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1569	11/11/2020	FF,JC	PAGO RECIBO DE GAS DO 14 OUTUBRO DE 2020 E RECIBO AUGA 3º TRIM. 2020	160,01 €
RC2202000 01345	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1570	11/11/2020	R,BB	PAGO RECIBO AUGA 1º E 2º TRIM. 2020	179,07 €
RC2202000 05923	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1571	11/11/2020	F,LM	PAGO RECIBO ALUGUER MES MAIO E PARTE DE MES DE XUÑO	386,18 €
RC2202000 05687	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1572	11/11/2020	MP,MI	PAGO RECIBO AUGA 1º, 2º E 3º TRIM. 2020, PAGO RECIBO LUZ DO 16 XANEIRO DO 2020 AO 16 XULLO 2020 E PAGO RECIBO GAS DO 8 DE FEBREIRO AO 10 DE AGOSTO DE 2020.	392,08 €
RC2202000 05508	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1573	11/11/2020	AM,M	PAGO RECIBO AUGA 3º TRIM. 2020, PAGO RECIBO LUZ DO 16 AGOSTO AO 15 OUTUBRO 2020 E PAGO RECIBO GAS DO 11 DE AGOSTO AO 13 OUTUBRO 2020.	112,34 €
RC2202000 05065	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1580	12/11/2020	BR,ME	PAGO RECIBO AUGA 4º TRIM. 2019 E 1º, 2º E 3º TRIM. 2020	266,53 €
RC2202000 04882	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1581	12/11/2020	AC,MV	PAGO RECIBO AUGA 3º TRIM 2020	7,06 €
RC2202000 08776	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1587	12/11/2020	AT,RM	PAGO RECIBO AUGA 2º TRIM. 2020 E RECIBOS LUZ XANEIRO, MARZO, MAIO E SETEMBRO 2020	513,34 €
2.314.480	POLITICA SOCIAL E PROMOCION DO DEPORTE	RESOLUCION NUM. 1600	13/11/2020	CM,RM	AXUDA ECONOMICA ABONO RECIBOS ALUGUER MESES ABRIL A SETEMBRO DE 2020 E PARTE DA CUOTA DE OUTUBRO	1.075,00 €

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o seu grupo, tal como dixo o Sr. alcalde, tiña dúas mocions para presentar neste pleno que pretendían ser unha moción de control ao equipo de goberno e que lle gustaría que a cidadanía tivera coñecemento das mesmas polo que agradece a oportunidade de presentalas neste punto da orde do día.

A continuación o Sr. Mourelle Botana procede coa lectura do primeiro escrito presentado, que transcrito literalmente di:

“Eduardo Mourelle Botana, voceiro de Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños de Culleredo, ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico do Concello de Culleredo, presenta para a súa aprobación polo Pleno esta moción:

MOCIÓN SOBRE POSIBLES PAGAMENTOS ILEGAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data 3 de febreiro de 2004 o goberno municipal sacou a contratación o servizo de mantemento de zonas verdes cunha duración de 10 anos e con posibilidade de prórroga por 5 anos máis.

O contrato de mantemento licitouse en tres lotes separados:

- ZONA 1 : O Burgo, 127.051 m²
- ZONA 2 : Rutis, 109.550 m²
- ZONA 3: resto do termo municipal e colexios, 48.118 m²

O prego de condicións detallaba o custo do servizo 822. 628,90 € e tamén as obrigas da empresa adjudicataria acompañando as zonas locais co detalle do número de m². Aos 127, 051 m² da zona 1 correspondíanlles un total de 34 xardíns ou similares mentres que aos 48.118 m² da zona 3 correspondíalle o mantemento de 29 espazos ou colexios. O importe económico destas dúas zonas 1 e 3 eran respectivamente 369.819,81 €/ano e 148.423, 68€/ano, facendo un total de 518.243,49 euros/ano.

Posteriormente, oito anos e catro meses despois, por acordo da Xunta de Goberno do 28 de maio de 2012; realízase unha modificación do contrato de 2004 para adecuar os metros cadrados dos parques adjudicados ás novas

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

medicións levadas a cabo polos técnicos municipais. Destas medicións quedan excluídas aquelas zonas verdes que por diversas obras non precisan mantemento.

Nas novas medicións dos mesmos espazos contratados no 2004 elimináanse 14.294m² a 25 parques e zonas axardinadas sen excluír espazo algún nos contratados no 2004; e asignáase a doce espazos tamén dos contratados do 2004 unha ampliación que supón 9.042 m² a aumentar no conxunto dos mesmos.

O modificado do 28 de maio de 2012 vén a reflexar que a empresa non estaba a conservar e manter os 175.169m² que estaban detallados nos pregos de condicións dos contratos pero si cobraba por eles. E dicir, durante 8 anos e 4 meses pagáronse, de máis, 42.577,35€ cada ano; o que fai un total de 354.811,25€.

As novas medicións do 28 de maio de 2012 supostamente resignan 9.042 m² dos 14.294 m² que tamén supostamente se computaban de máis resultando, a raíz da citada modificación de contrato, 5.391 m² que non pertencen a ningún parque e polo que, a día de hoxe se están pagando a empresa sen que realice o traballo. É dicir, se multiplicamos 5.391 m² por 2,95 €/ m² resulta un total de 15.903,45€ anuais, o que supón para o concello un desembolso, sen xustificación algunha, de 135.179,33 €.

A situación agrávase na segunda modificación, un ano máis tarde, o 11 de novembro de 2013, na que se inclúen novas zonas no obxecto do contrato, sumando espazos por un total de 6.009 m², incrementando e modificando as cláusulas do segundo contrato. O expediente fora informado negativamente pola secretaria xeral o 7 de xuño de 2013.

Con data do 15 de xaneiro de 2015, licítase un novo contrato denominado ZONA 4 no que se inclúen novas zonas a manter nas parroquias do Burgo e Rutis:

- Parque Xardín do Burgo (inc.taludes)57.775, 40 m²
- P. Marítimo 3º fase..... 9.311,90 m²
- Xardín Botánico37.365,47 m²
- Campo de fútbol Olímpico e anexos.....13.800 m²

C.I.F. P-1503100-H

Este novo contrato asinado ten un orzamento de 227.331,55€ e unha duración de catro anos con posibilidade de dúas prorrogas. Isto supón 1,92 €/ m² polo mantemento dos citados espazos, é dicir 1,30 euros menos por metro cadrado que os contratos anteriores. Isto é inexplicable a non ser que se tivera interese en adxudicalo a unha empresa determinada.

Este contrato vén acompañado dun anexo 1 que especifica o mantemento e as condicións do campo de fútbol municipal, de herba natural e outros espazos verdes, sumando un área de 13.800 m².

Dáse a circunstancia que no 2015 o concello acorda dotar o campo de xogo de céspede artificial cun mínimo mantemento, cubrindo o resto dos espazos con vestiarios e gradas, asfaltando e formigonando a maior parte dos terreos que rodean o campo, de tal xeito que xa non existen espazos verdes a manter. A pesar dela, desde o 2015, estanse pagando a empresa 26.495€ ao ano, o que supón 132.480€ desde o 2016 sen que haxa mantemento deses 13.800 m² do recinto futbolístico. O único espazo que podería ter céspede é hoxe unha lameira, tal e como se aprecia na foto aérea que se adxunta no anexo 1 desta Moción.

Engadido á enumeración de "contratos e modificacións", desde os anos 2004, 2012, 2013 e 2015 cada mes líbranse o concello facturas "fóra de contratos" por importe de 5.008, 07 € por supostas novas áreas.

Segundo os nosos cálculos o concello de Culleredo leva pagado, sen que se faga o traballo, desde o 2004 un total de 622.488 euros aos que lle teríamos que sumarlle as facturas "fóra de contrato" por 60.096 euros cada ano.

A esta denuncia amparada en feitos reais realizados en contra da normativa vixente e de posibles pagos por traballos non realizados, o grupo municipal Alternativa dos Veciños de Culleredo solicitou desta Alcaldía, da

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

Secretaría Xeral e da Intervención ser informados da legalidade dos pagos efectuados, tanto das áreas que non se conservaron como das medicións efectuadas de máis e que a día de hoxe continúanse pagando como realizadas, a pesar de saber da súa inexistencia e da non conservación do céspede natural recollido no anexo 1 do campo municipal.

O exposto solicítase ao amparo da Lei 7/1985 do 2 de Abril art.77 e art. 14 do R.D 2568/86 do 28 de novembro.

En data 15 de marzo de 2021 recibimos a contestación que a Secretaría e a Interventora non son competentes para elaborar informes “ad hoc” sobre os feitos denunciados, nin tampouco por esta Alcaldía se da contestación ao solicitado.

Polo que, con data 16 de marzo de 2021, remitimos un novo escrito no que manifestamos que estase a pagar servizos que non se realizan, ó marxe da carencia de contratos obrigatorios para o pago dos servizos de xardinería e limpeza viaria, por tanto, denegar ou non dar resposta á información solicitada vulnera o dereito fundamental imposibilitando as funcións fiscalizadoras e de control da actividade municipal (STS, 25/4/2000).

ACORDOS

Por todo isto propoñemos ao pleno do Concello de Culleredo que se nos facilite a copia dos documentos nos que se basea a resposta que nos foi trasladada desde a Alcaldía do Concello de Culleredo.

1. O informe do departamento de Medio Ambiente, Obras e Servizos dos que nin achega a súa data de elaboración, e no que segundo vostede di se adecúan en todo momento os metros sobre dos que se fan os traballos co prezo (entendemos que esta resposta se refire aos dous contratos identificados pero tampouco se pode concretar isto cos datos facilitados).
2. A relación con copia de todos os reparos emitidos pola Intervención Municipal nos pagamentos referidos aos dous expedientes que identifiquei, así como as resolucións da Alcaldía (xa que a facultade é indelegable), que no seu caso se emitiron para o levantamento destes reparos que forzosamente tiveron que ter natureza suspensiva por omisión de fiscalización previa recollido no artigo 27 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime de control interno nas entidades do sector público local, RCI (válido para os casos nos que se presenten facturas no Concello sen a existencia de contrato previo), en aplicación do artigo 216.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.“

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde e di que entende que os acordos que recolle a moción que non puido presentarse como tal son os rogos que se fan e que tanto a Alcaldía como outros departamentos municipais teñen constancia do rexistro por parte do grupo político Alternativa dos Veciños dalgunha pregunta e que se lle van responder en tempo e forma tal como se solicita, engadindo que en calquera caso quere aclarar que cando un campo de fútbol ou unha zona verde pasa a non ser zona verde porque se coloca un céspede artificial ou se decide asfaltar, e sempre avalado cun informe técnico, trasládanse esas hectáreas ou metros cadrados a realizar outra serie de tarefas ao mellor en zonas que non estaban contempladas e que estaban axardinadas, substituíndo unhas polas outras polo que non se dá o feito de pagar algo que non se está a facer senón que un traballo cámbiase por outro.

De seguido o Sr. Mourelle Botana procede coa lectura do segundo escrito do grupo político Alternativa dos Veciños, que transcrito literalmente di:

“Eduardo Mourelle Botana, voceiro de Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños de Culleredo, ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico do Concello de Culleredo, presenta para a súa aprobación polo Pleno esta moción:

MOCIÓN SOBRE POSIBLES PAGAMENTOS ILEGAIS

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data 31 de xaneiro de 2002, o concello de Culleredo contratou a limpeza viaria do municipio por un importe de 318.173,90 € o que supoñía un gasto mensual de 26. 514,49 €. O contrato tiña unha vixencia de 10 anos sen posibilidade prórrogas.

Nos pregos de condicións delimitábanse as zonas do municipio nas que efectuarían os traballos e temporizando o seguinte:

LIMPEZA DIARIA:

- O Burgo, completo
- Acea da Ma (P. Tierno Galcán, universidade laboral)
- Fonteculler – Urbanización A Ría
- P.P. de Cordeda 1
- A Corbeira
- Vilaboa (N-550), Condes de Andrade, Vivendas sociais (Rio Trabe)

C.I.F. P-1503100-H

LIMPEZA DOUS DÍAS Á SEMANA:

- Urbanización Casino (Ultreya)
- O Regueiro
- Castro de Vilaboa
- Urbanización Augas Mansas
- Tarrío, Fontemaior, Hermida, Parque fiesta de Liñares
- San Cosme, Ledoño (pista entorno parque)
- Polígono industrial de Alvedro
- Alvedro – pobo
- Entorno igrexa de Almeiras
- LC-214 do Burgo á Telva
- Torre de Celas
- Feira de Peiro

LIMPEZA UNHA VEZ CADA 10 DÍAS

- Entorno do centro social de Orro
- Idem. Sueiro e polideportiva
- Idem. Castelo (parque)

De igual xeito, especificanse as condicións nas que deberían realizarse e que están recollidas nas cláusulas cuarta e sétima do citado prego.

Cláusula 4: *O adxudicatario está obrigado segundo o prego de condicións a garantir diferentes servizos:*

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

1º *Ordinario: retirar lixo de beirarrúas, veiravías e rúas. Diante de domicilios privados e establecementos, transportando ata contedores municipais.*

2º *Extraordinario: causas imprevisibles ou anormais*

3º *Limpeza diaria en núcleos urbanos e zona rural. Prazas e paseos peonís serán obxecto de limpeza especial. Mensualmente agás no verán que é bimensual.*

Cláusula 7: *A limpeza viaria consistirá:*

1º *Limpeza e barrido de vías públicas municipais/calzada, beirarrúas, paseos e rúas particulares de uso público, así como os espazos públicos e zonas axardinadas de vías públicas.*

2º *Limpeza e barrido de zonas e accesos onde se celebren festas ou feiras.*

3º *Baleirado e lavado de papeleiras de uso público situadas nas vías públicas*

4º *Lavado con auga a presión de calzadas e beirarrúas, cando sexa preciso ou o requira o Concello.*

5º *Limpeza dos alcorques das árbores*

6º *Transporte de lixo e residuos obtidos das anteriores operacións*

7ª *O concesionario ven obrigado a realizar o servizo de recollida inmediata de animais mortos en vía pública*

C.I.F. P-1503100-H

Desde o 31 de xaneiro de 2012 o concello carece de contrato para o servizo de limpeza viaria. Actualmente estase a pagar un importe fixo anual de 461.338,92 € en mensualidades de 38.444,91 € ás que, mensualmente, engádense facturas, fora de contrato, como extraordinarias, por importes que oscilan entre os 3.107€ e os 4.184,22€ en marzo e abril, máis outras similares cada mes. Isto supón outro gasto fixo mensual superior aos 42.000€, gasto moi superior ao permitido pola lei de contratos da administración local que o limita para os servizos en 15.000 € segundo o artigo 118.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro.

Nas citadas facturas mensuais extraordinarias, aparecen relacionados distintos espazos públicos que xa están recollidos nas facturacións mensuais de 38.444,91€ utilizando termos como decapado ou deshervado, tamén recollido no prego de condicións usado no seu día para a contratación, obsoleta como dixemos desde o ano 2012.

Neste sentido e con motivo da COVID estase a pagar mensualmente, un servizo de limpeza e desinfección viaria cuxo custo os días 28, 29 e 30 de abril foi de 1.238,89€ máis 13.147€ en maio e 13.915,08 € en xuño o que resulta un importe total de 28.300,97€. Nestas facturas faise constar que a suposta desinfección con baldeo realizase en quedas de 14 horas diarias de luns a venres e os sábados de 7 horas cun camión cisterna e un operario. O prezo por hora é de 62,57 €.

Dáse a circunstancia de que nos pregos de condicións, do contrato caducado en 2012, no que supostamente se amparan, tamén está recollido nos apartados 1, 2 e 4, especialmente neste último: lavado con auga a presión de calzadas e beirarrúas cando sexa preciso e o requira o Concello. Isto vén a supoñer unha duplicidade de baldeos e que se referencia no apartado "tipo de servizos": extraordinario, causas imprevisibles ou anormais.

Con motivo destas actuacións, que estimamos ilegais, podendo ser cualificadas como delito de prevaricación por actos contrarios a dereito, Alternativa dos Veciños xa tiña denunciado no 2018 ante a Fiscalía Provincial estes feitos dando base a dilixencias de investigación penal nº 30/19, aínda que non acompañabamos a información detallada que achegamos agora e que, o goberno municipal, lonxe de rectificar o procedemento do pago de servizos ao amparo da Lei de Contratos do Sector Público (Lei 9/2017 de 8 de novembro), incrementa e duplica o importe das

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

facturas por servizos que son necesidades periódicas e previsibles e que son de obrigatorio concurso de licitación aberta.

Por todo o exposto, ao amparo da Lei 7/85 artigo 77 e do R.D. 7568/86 art. 14, requirimos da Secretaría e da Intervención Municipal nos informe si existe algún contrato vixente de limpeza viaria ou si despois da denuncia de Alternativa dos Veciños ante a Fiscalía se abordou polo goberno municipal o inicio do expediente para a contratación do citado servizo de limpeza viaria.

En data 15 de marzo de 2021 recibimos a contestación que a Secretaria e a Interventora non son competentes para elaborar informes "ad hoc" sobre os feitos denunciados, nin tampouco por esta Alcaldía se da contestación ao solicitado.

Polo que, con data 16 de marzo de 2021, remitimos un novo escrito no que manifestamos que estase a pagar servizos que non se realizan, ó marxe da carencia de contratos obrigatorios para o pago dos servizos de xardinería e limpeza viaria, por tanto, denegar ou non dar resposta á información solicitada vulnera o dereito fundamental imposibilitando as función fiscalizadoras e de control da actividade municipal (STS, 25/4/2000).

ACORDOS

1. Requirimos da Alcaldía ou do Departamento pertinente a convocatoria da licitación para a contratación do servizo de limpeza viaria no prazo máximo de dous meses.
2. De non ser así, demandar ao técnicos responsables da Secretaría e a Intervención do Concello de Culleredo para que dean conta á Fiscalía Xeral da gravidade das irregularidades anteditas que se están a manter polo goberno municipal e que están a afectar aos recursos económicos do concello."

C.I.F. P-1503100-H

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde e di que lle responde o mesmo que na anterior moción e que en calquera caso ao primeiro escrito a Alcaldía non contestou porque non se lle requeriu e foron os técnicos municipais e as habilidades nacionais os que responderon; que se lle contestará ao segundo escrito presentado tal como se solicita, aclarando que non se pode atender un rogo que diga o que os funcionarios teñen que facer porque estes teñen que actuar con liberdade e independencia e facer o que consideren oportuno.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, procede coa lectura do primeiro escrito que presentou como moción e que transcrito literalmente di:

"MOCION QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE CULLEREDO SOLICITANDO APARCAMIENTOS EN SUPERFICIE EN LA ZONA URBANA DEL CONCELLO

EL Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente MOCIÓN:

EXPOSICION DE MOTIVOS

Desde el PP de Culleredo hemos recibido numerosas quejas y preocupaciones por parte de los autónomos y titulares de comercios del concello por el tema de la falta de estacionamiento para los vehículos sobre todo en las zonas de Vilaboa y el Burgo.

Este problema lo manifiestan tanto los usuarios de estos comercios como los dueños y trabajadores que ven como misión imposible el poder aparcar a determinadas horas provocando en numerosas ocasiones la pérdida de la venta o el servicio.

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

En la situación actual de crisis que vivimos, desde nuestro Grupo Municipal vemos de extrema urgencia apoyar al pequeño comercio del concello y facilitarles en todo lo posible su trabajo.

También facilitar el aparcamiento a los usuarios de este comercio de proximidad para que gasten en el concello y no se vayan, por comodidad, a otros concellos limítrofes.

Por todo ello se hace necesario que por parte del concello de Culleredo se realicen estudios para la ubicación de nuevos aparcamientos gratuitos en superficie, entablado por ejemplo, acuerdos con propietarios de solares en desuso y la creación de estacionamientos disuasorios que conectados con el transporte público permitirían también reducir el tráfico dentro del propio concello.

Por todo ello, desde el Grupo Municipal Popular presentamos al Pleno los siguientes

ACUERDOS

- 1.- Instar a la Junta de Gobierno a que realice un estudio para encontrar zonas que se puedan habilitar como aparcamiento en superficie en solares ubicados tanto en la zona de Vilaboa como el Burgo mediante acuerdos con sus propietarios y a adoptar un criterio que por cada plaza de aparcamiento que se suprima se habilite, en la zona, un número equivalente.
- 2.- Instar a la Junta de Gobierno a que cree un Plan de Aparcamientos Disuasorios en superficie que logre ampliar el número de plazas de aparcamiento y que reduzca el número de vehículos que transitan por el concello.
- 3.- Instar a la Junta de Gobierno a que apruebe el asfaltado de los actuales aparcamientos en superficie en solares privados y cedidos para uso público de forma que no se produzcan socavones ni balsas de agua que aminoren la capacidad de plazas de estacionamiento."

C.I.F. P-1503100-H

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde e di que xa no Concello hai un plan destas características para as zonas do Burgo, de Vilaboa e de Fonteculler e que non hai inconveniente en reforzar o traballo que se está a facer por parte dos servizos municipais manifestando a vontade do grupo político popular en apoiar este tipo de iniciativas de creación de aparcamentos disuasorios e de mellorar este tema.

Seguidamente a Sra. García Gorostizu di que o seu grupo político foi comercio por comercio falando con cada un dos comerciantes e practicamente todos fixeron a demanda que recollen na moción que se presenta.

O Sr. alcalde-presidente fai uso da palabra e di que agradece a iniciativa do grupo político popular e que desde o equipo de goberno xa se está a traballar neste asunto e tratar de paliar o problema de aparcamento que poida haber tanto no Burgo como en Vilaboa e en Fonteculler.

A continuación a Sra. García Gorostizu procede coa lectura do segundo escrito que o seu grupo presenta tamén como rogo neste punto da orde do día e que literalmente se transcribe a continuación:

"MOCION QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE CULLEREDO SOLICITANDO UN PLAN DE ASFALTADO EN EL CONCELLO

EL Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente MOCIÓN:

EXPOSICION DE MOTIVOS

En los últimos años, el deterioro del pavimento de las calles de Culleredo está siendo más que evidente. Son numerosas las quejas que los vecinos hacen llegar a nuestro Grupo Municipal sobre las dificultades que tienen para

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

circular debido a las numerosas grietas y baches que en algunos casos se pueden catalogar ya como auténticos socavones. En redes sociales podemos observar también esta demanda pues es prácticamente a diario aparece la imagen de algún bache o socavón.

Prácticamente en todas las parroquias se pueden apreciar calles que precisan actuación urgente desde hace años y en las que ni tan siquiera se han parcheado las zonas más problemáticas. En estas últimas semanas hemos comprobado que se han ido parcheando determinadas zonas del concello pero este tipo de mantenimiento se está demostrando insuficiente, pues al poco tiempo vuelve a aparecer el bache. Los vecinos no se merecen que el concello se limite a parchear las calles: Castro Laxe, Hersa, Sanjurjo de Carricarte...

Por ello se hace necesario abordar con la mayor urgencia posible el problema que estamos describiendo, especialmente en aquellos viales con mayor densidad de circulación y sobre los que el Partido Popular hemos presentado varios ruegos y una moción a lo largo de esta legislatura: Zona de Castro -Laxe y subida a la Zapateira, Martires de Carral, subida al Monte Xalo, ... Además, tenemos que añadir otras calles dentro de las parroquias que se encuentran muy deterioradas como por ejemplo Toroño, Alfeirán, Almeiras, Sésamo, etc...

Se adjuntan a modo de ejemplo fotografía de alguna de las calles del municipio donde se puede apreciar la grietas, baches y socavones en el pavimento.

Para abordar este problema, la concejalía de Obras tiene que elaborar un informe donde se analice la situación del asfaltado en nuestro municipio y qué actuaciones son necesarias distribuyéndolo por fases y meses de actuación priorizando las zonas más deterioradas. Posteriormente, en base a este informe, elaborar un plan de asfaltado que previamente ha de estar dotado económicamente en los presupuestos

Por todo ello, el Grupo Municipal Popular de Culleredo propone al Pleno la adopción de los siguientes

ACUERDOS

PRIMERO.-Elaborar un informe donde se recoja la situación del asfaltado de las distintas calles y avenidas del municipio y las actuaciones necesarias para su arreglo y conveniente mantenimiento priorizando aquellas zonas donde sea más necesario.

SEGUNDO.-Realizar un Plan de Asfaltado siguiendo las conclusiones recogidas en el informe contemplado en el punto anterior.

TERCERO.-Dotar al Plan de Asfaltado de los recursos económicos suficientes a través de los presupuestos municipales."

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que, respecto do asfaltado da estrada de Castro-Laxe, ao terse aprobado xa definitivamente o orzamento, poderase executar esa obra que vai recollida no propio orzamento cunha cantidade que supera os 200.000 euros; que ao longo da presente semana, cando o tempo o permitiu, procedeuse a rebachear numerosas rúas do Concello aínda que todavía queda algunha, sendo os propios responsables municipais os que determinan que unha estrada se asfalte ou non nun momento determinado porque ás veces por seguridade viaria e polo tránsito dalgunha delas resulta máis recomendable rebachear; que no departamento de obras e servizos hai proxectos por un un importe de preto de 2.000.000 de euros que recollen todas as necesidades de todas as parroquias para poder nesta lexislatura, entre o que este ano está xa presupostado e o que van tratar de investir cos remanentes que se poida, acometer ese plan de asfaltado que deixaría a totalidade de rúas totalmente saneadas; que moitas delas xa se van facer a través do POS e do POS complementarios de anos anteriores que se están a acometer neste momento por non podelo facer no ano anterior pola suspensión que houbo dos procedementos de contratación e de obra por mor do estado de alarma, como en Boedo, en Orro e outras que pertencen a POS complementarios, ao POS e ao propio orzamento que recolle viais en

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

Folgueira, en Castro, en Vilaboa e noutras localidades; que agradece o rogo feito polo grupo político popular e tratarán de apresurar os asfaltados que se solicitan.

A continuación a Sra. García Gorostizu solicita novamente o uso da palabra e, unha vez concedido, di que o seu grupo ten algún rogo máis, sendo o primeiro deles derivado dunha chamada que o seu grupo recibiu no día de hoxe e unhas fotos enviadas por veciños en relación co peche perimetral e as redes das porterías de Castro-Laxe, rogando que o Concello pase por alí para adecentar a zona; que o segundo é unha pregunta en relación coa pista de Fonteculler, onde caeu a cuberta, preguntando se se sabe o que pasou e se conta cos informes, se houbo erros no cálculo das estruturas e se se pode explicar que actuacións se van levar a cabo nesa zona porque os veciños están xa cansos de non poder utilizar esa zona.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que os técnicos municipais atópanse ultimando os informes e que se contratou a un calculista para que saque unhas conclusións o máis veraces posibles sobre o que aí ocorreu, agardando poder contar nos próximos días cos informes solicitados, dos que dará traslado aos membros da oposición.

A continuación a Sra. García Gorostizu di que tamén queren preguntar polo tema da praza da igrexa de Vilaboa pois lle remitiron a acta de recepción e nela recóllense problemas de pintado pero non aparecen outras deficiencias como o céspede enrugado, unha das torres de xogos dos nenos que está torta, ou o feito trasladado por algún veciño de que o tobogán metálico dá calambres parece ser que por uns parafusos que ten, solicitando que o equipo de goberno diga se todas estas deficiencias se van corrixir ou ao non recollese na acta de recepción xa teñen que quedar así.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que iso entra na garantía do parque e que os propios técnicos municipais no fin da obra xa o advertiron e concretamente esta mañá os operarios da empresa construtora desprazáronse desde Pontevedra ata Culleredo para subsanar algún problema existente; que a propia empresa de mantemento de parques infantís xa reparou e axustou algún problema de parafusos corrente na montaxe deste tipo de parques e moveron canastas e outras pequenas actuacións para tratar de solucionar os problemas que aparecían; que respecto ao céspede artificial di que é o que había no proxecto e que fixeron a consulta a diferentes instaladores e lles din que é moi común na colocación de céspede artificial neste tipo de superficies que faga enrugado e que o que procede é facer un mantemento constante e procurar que non afecten á boa utilización do parque pero que parece ser que é unha cuestión bastante normal; que el xa dixo que non está de acordo coas subastas porque ás veces leva a que as empresas intenten non cumprir cos obxectivos dos proxectos e unhas empresas son máis serias que outras, informando que se está realizando un informe sobre posibles penalidades e penalizacións para esta empresa como xa se fixo con algunha outra que gañou o concurso e non se ceñiu aos proxectos para a realización dalgunha obra.

A continuación a Sra. García Gorostizu pregunta se as penalidades se contemplan tamén polo incumprimento do prazo de execución.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que si, que se está a elaborar un informe o máis exhaustivo posible.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo ten tamén uns rogos e que, en primeiro lugar, queren sumarse a este último rogo feito sobre a praza de Vilaboa porque parece que cada vez que escoitan ao Sr. alcalde isto empeora e xa na xunta de voceiros lle escoitaron dicir ao Sr. alcalde que non lle convence o sistema de subastas porque as empresas poderían facer baixas que despois deran problemas, e indica que a lei de contratación ten previsto que facer con estas cousas e procede coa lectura do último parágrafo do informe da acta de recepción que di o seguinte:

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

“No tocante ao prazo de execución dos traballos, a empresa adxudataria incumpriu os prazos estipulados, os cales foron criterios utilizados para a adxudicación do contrato, diminuindo o prazo indicado en proxecto de tres meses a corenta e cinco días, é dicir, baixou o prazo á metade, polo que a demora non xustificada podería ser obxecto de imposición de penalidades por parte do órgano de contratación según o estipulado nos artigos (.../...) da Lei de Contratos do Sector Público”.

O Sr. Chouciño Garrido pregunta se as penalidades se van impoñer despois de aceptar a obra porque o lóxico sería que se impuxeran no momento en que se excede dos corenta e cinco días que eles mesmos se puxeron porque as penalidades están marcadas nos pregos de contratación que contempla penalidades económicas por cada día que se retrasa, e pregunta por que se espera a máis dun ano despois para recibir a obra e pensar se se van impoñer penalidades; di que se esta empresa mañá se presenta a outra licitación do Concello de Culleredo non ten ningún problema para facelo e como esa varias como xa dixo noutras ocasións, como a empresa que fixo a cuberta do parque das Brañas que rompeu e non ten ningún problema para seguir presentándose, ou a empresa que fixo a pista de skate ou o pavimento de Residencial A Ría que eles denunciaron no seu momento que había que facelo con adoquins colocados a man e se fixo con pavimento impreso, reducindo de varias semanas a unha semana a obra co aforro correspondente para a empresa e non se lle aplica ningún tipo de requirimento co que estas empresas seguen presentándose a concursos e seguen levando obras públicas de Culleredo sen ningún problema; que queda impresionado coas palabras do Sr. alcalde que fala de penalidades “tal como se fixo noutras obras” e pregunta en cales porque o seu grupo non viu que se impuxera penalidade ningunha a pesar de que o grupo político do BNG ten colaborado avisando de que había obras e empresas nas que procedía, trouxendo mocións de incoación de expediente de depuración de responsabilidades por máis dunha obra e o equipo de goberno non quixo abrir dito expediente; que resulta increíble o que di o Sr. alcalde respecto de que unha vez aceptada a obra se vaia iniciar a valoración de se se lle impoñen penalidades, sen falar xa do comentado sobre o céspede que como lle din que é normal o que pasa xa se conforma co que hai, preguntándolle ao Sr. alcalde se isto lle pasa na súa propia casa se o aceptaría, se aceptaría que un céspede artificial que vai nunha parede inclinada faga arrugas antes de estrenarse, pensando que non, que o Sr. alcalde e ningún dos presentes o aceptaría na súa propia casa, non entendendo que na propia casa non e no Concello de Culleredo o dea como unha explicación razoable e solicita que se abra un expediente de depuración de responsabilidades para saber quen fallou aí e saber que sancións poderían proceder.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o seu grupo quere tamén facer un engadido a algo que dixo o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños respecto dun dos contratos dos que falou, concretamente do de limpeza viaria porque estivo bastante atento e non escoitou, a pesar de que considera que é un dato bastante importante, que o servizo de limpeza viaria iniciou a súa licitación no 2019 e que ese contrato, que efectivamente está vencido con todos os datos que se achegaron, está publicado na plataforma de contratación do Estado e está publicado incluso no Diario das Comunidades Europeas debido ao seu importe porque ascende a dous millóns e medio de euros, sen que se dera un segundo paso; fíxose un único paso que foi poñer o anuncio e non están nin os pregos de contratación técnicos nin os administrativos, non se deu ningún paso máis dous anos despois, non entendendo que cun volume de gasto importante como é isto que non se fixera nada máis; que moitas veces se pon como excusa que non hai xente nas áreas para facer o traballo pero neste caso supostamente os pregos están redactados pois do contrario non estaría publicado na Plataforma de Contratación do Estado e dous anos despois non se sabe cando van dar o segundo paso, requirindo que se dea este segundo paso desta licitación para normalizar como gasta os cartos o Concello e como se aforra a través da concurrencia competitiva e non haxa que ver mes a mes reparos da intervención respecto deste tema.

O Sr. Chouciño Garrido di que por todas as cuestións das que se vén de falar, e por moitas outras que saíron noutras ocasións, pensa que Culleredo non vai ben; que se está chegando ao Ecuador do mandato e hai que intentar rectificar; que o Sr. alcalde tivo un goberno municipal que creou e desenvolveu as áreas de goberno que quixo e coas dedicacións que quixo e desde o BNG piden que se faga unha convocatoria dun pleno de debate do Estado do municipio que está recollido no Regulamento orgánico municipal e na sesión poder deliberar con calma e intentar encauzar esta situación pois non é nada boa; que pensa que o goberno municipal lle transmite á veciñanza,

Código do documento	Código do expediente
USG15I01N2	USG/2021/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6T29 6P1J 5S6O 161E 08IP	

aínda máis que aos membros da oposición, o malestar, a incomodidade, a disconformidade co rumbo que leva Culleredo polo que ese é o seu rogo, que se convoque un pleno de debate sobre o estado do municipio e non perder a segunda metade de mandato que queda.

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que o equipo de goberno ten claro cal é o rumbo que ten que levar o Concello de Culleredo e que ten a conciencia moi tranquila en todos os ámbitos da súa xestión, existindo un proxecto para levar a cabo nos vindeiros anos e hai un compromiso cos cidadáns do Concello que estaba escrito nun programa electoral e sobre o que cada un dos membros do equipo de goberno está convencido de que se vai cumprir ao 100% a pesar da situación que se está a vivir nos concellos de Galicia, de España e do mundo enteiro, agradecendo en calquera caso a preocupación do BNG pola situación de Culleredo e lamenta a imaxe que o Sr. Chouciño ten sobre o Concello, que é a peor, e esta é a que transmite amosando toda a parte negativa que ten do Concello e que o equipo de goberno está para sacar a parte positiva do Concello, para sacalo adiante e para que sexa en poucos anos un dos concellos punteiros en toda a comarca; que o Sr. Chouciño utiliza en moitas ocasións a demagogia e a mentira para manifestar cal é a situación real do Concello pero os que viven no Concello lle teñen un cariño especial e sobre todo os que teñen competencias están moi comprometidos en sacar todo adiante e que así o farán; que non ten ningún inconveniente en convocar os plenos que sexan necesarios sobre o debate do estado do municipio porque aí precisamente poderán expoñer cal é o proxecto que o equipo de goberno ten para o Concello que cumprirá todas as expectativas que os veciños teñen co goberno.

C.I.F. P-1503100-H

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as quince horas e quince minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)